

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2023 pola que se modifica a Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar ás empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A).

O 6 de xullo de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

Os artigos 5 e 28 desta convocatoria, que definen os beneficiarios e establecen os criterios de valoración, refírense expresamente á Axenda Industrial de Galicia 2025.

Na actualidade, a Axenda Industrial de Galicia 2025 non foi aprobada polo que se considera necesario modificar o texto da convocatoria Fábrica intelixente e sustentable para eliminar todas as referencias ao dito documento.

Consecuentemente con todo o anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 17.3 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación,

DISPÓN:

Artigo 1

Modificación da Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a ini-

CVE-DOG: 95kin0j9-76u9-axl4-yca1-kn0v9mbjqd38



ciativa Fábrica intelixente e sustentable, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento IN854A).

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 5. Beneficiarios que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Empresas industriais ou de servizos, que dispoñan dun centro de traballo permanente legalmente constituído, que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico que cumpran as características recollidas no artigo 3.

b) Agrupacións dunha empresa ou empresas do sector industrial ou de servizos e un ou varios organismos de investigación e difusión, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), que realicen proxectos en cooperación.

c) Agrupacións entre empresas que deberán pertencer ao sector industrial ou de servizos».

Dous. Modifícase o punto 3.c).1 do artigo 28. Criterios de valoración que queda redactado nos seguintes termos:

c) Complementariedades e sinerxías con outras políticas e xeración de emprego (24 puntos):

1. Consonancia e adecuación do proxecto con: (4 puntos).

– Os obxectivos do programa Horizonte Europa.

– Os obxectivos do programa Europa Dixital.

Artigo 2

Modificación do anexo VIII punto 3.3 consonancia e adecuación do proxecto que quedaría redactado nos seguintes termos:

– Os obxectivos do programa Horizonte Europa.

– Os obxectivos do programa Europa Dixital.



Disposición derradeira única

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2023

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de Innovación

CVE-DOG: 95kin0j9-76u9-axl4-yca1-kn0v9mbjqd38

